



Concello de Lourenzá

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DO DOMINGO DE PIÑATA 2025 NO CONCELLO DE LOURENZÁ

O Concello de Lourenzá , consonte ao previsto na Lei 38/2003 , de 17 de novembro, Xeral de Subvencións ,Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro , e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados con motivo da celebración do desfile de domingo de Piñata o 9 de marzo de 2025 , establece as normas reguladoras da participación , as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñen nos citados actos, de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA : DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de domingo de Piñata organizado polo concello de Lourenzá en colaboración coa ACIAL o domingo 9 de marzo de 2025 .

SEGUNDA: REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas , calquera particular , asociación ou entidade legalmente constituída así como os " grupos ocasionais" que cumplan as condicións previstas nestas bases. Neste último caso , os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

A documentación a presentar será a seguinte:

1. Particulares

- Ficha de inscrición establecida ao efecto
- Copia NIF do concursante ou titor, para o caso de menores de idade.

2. Asociacións legalmente constituídas e " grupos ocasionais"

- Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome , apelidos e NIF do representante do grupo
- Copia do NIF do representante do grupo.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2023 , de 17 de novembro , Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas).

A ficha de inscrición e a documentación citada presentaranse unha vez sexa publicado no BOP de Lugo o extracto das citadas bases (cuio texto completo figura na BDNS) e con carácter previo á celebración do desfile , ben personándose nas dependencias da biblioteca municipal do concello de Lourenzá de luns a venres en horario de 17 h. a 20 h. ou vía whatsapp no número 637055163 ata o venres 7 de marzo ; ou ben o mesmo día do desfile no





Concello de Lourenzá

recinto feiral Ponte de Cuñas en horario de 12:00 h a 15:30 h., lugar onde sairá o desfile. Nese horario entregaranse os dorsais.

TERCEIRA: NORMAS DO DESFILE

- a) Cada participante será responsable dos danos ocasionados a terceiros.
- b) Prégase a tódolos participantes que sigan as instrucións da organización para poder facer o desfile coa máxima orde posible.
- c) Quedarán descalificados todos aqueles concursantes que non cumpran as bases, entorpezan ou provoquen atrasos, ou que levando animais os maltraten.
- d) Por ser un acto para tódolos públicos, non se permitirán representacións obscenas que poidan ferir a sensibilidade dos espectadores.
- e) Considérase grupo a partir de tres integrantes.
- f) Serán consideradas charangas as que incorporen instrumentos musicais reais.
- g) As comparsas(con turutas) non poderán usar equipos de música, só percusión.
- h) Serán considerados grupos infantís onde os nen@s sexan menores de 12 anos e o número deles sexa como mínimo o dobre que de adultos.
- i) Considérase carroza ao vehículo de tracción mecánica ou animal, coa maioría dos seus compoñentes enriba da carroza en todo momento (50% mínimo).
- j) A organización resérvase o dereito de cambiar o percorrido, suspender o desfile por causas de forza maior ou sempre que as inclemencias meteorolóxicas impidisen o regular desenvolvemento do mesmo.
- k) Os participantes sairán do recinto feiral e percorreren as rúas da vila ata a Praza do Conde Santo, onde se entregarán os premios; os gañadores terán que recollelos ataviados co disfraz ou dorsal.
- l). O xurado realizará puntuacións ao longo do traxecto premiando orixinalidade, inxenio, deseño, cor e interpretación.
- m). Os participantes que se apunten fóra da súa categoría serán descalificados pola organización.
- n). A organización resérvase o dereito de dar premios dunha categoría noutra categoría, sempre e cando eses premios quedaran desertos por non haber participantes suficientes na categoría na que inicialmente estaban establecidos.
- ñ)- A presentación neste concurso implica a aceptación das presentes bases; así como que as imaxes que se realicen durante o desfile sexan subidas ás redes sociais ou outro medio.
- o) Tódalas incidencias non previstas nas presentes bases serán resoltas pola organización e o xurado.

CUARTA: COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto como mínimo por tres membros designados pola





Concello de Lourenzá

organización do concurso.

QUINTO :CRÉDITO ORZAMENTARIO

O Concello de Lourenzá destinará a estes premios a contía máxima de 3.000 € (partida 330.48 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2024 prorrogado para 2025).

SEXTO: PREMIOS QUE OUTORGA O CONCELLO DE LOURENZÁ

Comparsas

2º premio: 250 €

3º premio: 200 €

4º premio: 150 €

Carrozas

2º premio: 250 €

3º premio: 150 €

Grupos de adultos de máis de 10 persoas

2º premio: 250 €

3º premio: 200 €

Grupos de adultos de 3 a 10 persoas

1º premio: 250 €

2º premio: 200 €

3º premio: 150 €

Parellas adultos

1º premio: 200 €

2º premio: 150 €

3º premio: 100 €

Individual adultos

1º premio: 150 €

2º premio: 100 €

Grupos categoría infantil

1º premio: 250 €

SÉTIMA: PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o desfile , o xurado levantará acta na que consten os premiados .

Os premios serán entregados en dito momento en metálico , tramitándose polo sistema de pagos a xustificar, sendo o habilitado o Concelleiro de Cultura, debendo ser asinado o pertinente " recibín " polos beneficiarios , sempre e cando





Concello de Lourenzá

se dispoña da documentación requirida na Base Segunda. No caso de menores , o " recibín " será asinado polo propio menor ou polo seu titor ou representante legal.

OITAVA: PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A organización do concurso resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e asúa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será extrictamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

NOVENA: INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral , os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2023, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Lourenzá é o órgano obrigado a facilitar información da concesión dos premios á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Igualmente , con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007 , de 30 de marzo , sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria ue establece o artigo 20 da Lei 38/2003 , de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigatorio subministrar por parte do concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

DÉCIMA: As presentes bases estarán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Lourenzá (<https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/>).

